



ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE EDUCADOR/A FAMILIAR, PERSOAL LABORAL FIXO. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.

Sendo as 10:00 horas do día 24 de outubro do 2024, reúnense na Sala de xuntas da Casa consistorial de Teo as persoas que de seguido se relacionan, membros do Tribunal do proceso estabilización de praza de persoal laboral Educadora familiar, para resolver ás reclamacións presentadas por varios aspirantes do proceso:

- **Presidencia:**
Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo).
- **Vogais:**
Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e Tesourería do Concello de Teo).
Nieves González Mujico (educadora familiar do Concello de Touro).
Rocío Núñez Rúa (educadora familiar do Concello de Oroso).
- **Secretaría:**
Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo).

O obxecto da presente sesión é a resolución das alegacións á valoración de méritos publicada o 16 de outubro de 2024, no taboleiro e web municipais, logo da sesión do Tribunal de data 14/10/2024.

As alegacións que se van estudar foron presentadas polas persoas aspirantes durante o prazo outorgado ao efecto . Revisadas estas, o Tribunal acorda:

1. **ALEGACIÓNS** presentadas por María José Mosquera Rodríguez, con data 16 de outubro de 2024 (rexistro de entrada nº 202499900003209) e data 18 de outubro de 2024 (registro de entrada nº 202499900003225), nas que solicita ver a acta de puntuación total da experiencia laboral así como explicación sobre os criterios de desempate aplicados e manifesta que existe erro na acta do tribunal de data 14/10/2024 xa que a mesma refírese erroneamente a unha praza funcionaria de traballadora social,

Realizada a revisión das alegacións presentadas este tribunal acorda:

a) En relación á solicitude de acceso ao expediente en concreto á acta de puntuación total e detallada, dar traslado ao Departamento correspondente, neste caso ao



Departamento de recursos humanos, a efectos de que dito departamento proceda a tramitar a petición da acceso ao expediente solicitada pola interesada.

b) En relación coa aclaración de como se realizou o desempate de puntuación o Tribunal aclara que se aplicou o determinado na base novena das bases xerais e específicas desta convocatoria que establece que:

“No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- en primeiro lugar atenderase á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- de seguir aquela, a persoa que ocupase máis tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos.*
- no último lugar, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, segundo o sorteo celebrado ao abeiro do previsto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”*

No baremo establecido polo tribunal na acta de 14/10/2024 producíanse varios empates, en primeiro lugar un empate en 100 puntos entre as dúas persoas que obtiveron a máxima puntuación e en segundo lugar un empate en 30 puntos entre cinco persoas aspirantes.

No caso concreto do empate entre a dúas aspirantes que obtiveron a máxima puntuación co seguinte desglose:

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional (Ad. Local 0.49 ptos/mes. Max 70 ptos.)	Formación específica (0.125 ptos/hora. Max 30 puntos)	Total
1	LÓPEZ SOTO	EVA MARÍA	***5068**	70,00 (231 meses)	30,00 (>240 horas)	100,00
2	MOSQUERA RODRÍGUEZ	MARÍA JOSÉ	***2946**	70,00 (255 meses)	30,00 (>240 horas)	100,00

Neste caso por aplicación da citada base novena o tribunal examinou en primeiro lugar á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional. Neste caso, a puntuación de ambas



aspirantes é a mesma (70 puntos), polo que non é posible resolver o desempate, aplicando este primeiro criterio.

De seguido o Tribunal examinou a documentación aportada a efectos de determinar quen era a persoa que ocupou máis tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos. Neste caso, Eva María López acada unha experiencia laboral nos últimos 12 anos, ocupando a praza obxecto do presente proceso selectivo, de 100 meses (dende 10.09.2014 ata o 10.01.2023), mentres que a aspirante María José Mosquera Rodríguez, non ocupou nunca a praza obxecto do presente proceso selectivo (praza de Educadora familiar do Concello de Teo) , polo que mediante a aplicación deste criterio de desempate sería Eva María López a aspirante seleccionada.

Con respecto ao criterio de desempate do resto das persoas que obtiveron a mesma puntuación de 30 puntos o tribunal tivo que aplicar o criterio de desempate consistente en atender á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, segundo o sorteo celebrado ao abeiro do previsto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que ningunha das cinco aspirantes obtivo puntuación no apartado de experiencia profesional e tampouco ningunha das aspirantes ocupou nunca a praza obxecto do presente proceso selectivo (praza de Educadora familiar do Concello de Teo)

c) En relación ao erro que alega relativo a denominación errónea de praza de funcionaria Traballadora social, este erro será obxecto de corrección na presente acta.

2. **ALEGACIÓNS** presentadas por María Cristina Escourido Rapa, o 18 de outubro de 2024 (registro de entrada nº 202499900003229 e nº 202499900003230, nas que solicita que se teña en conta a experiencia laboral presentada no seu día e aporta documentación.

En relación a esta reclamación debe terse en conta o disposto na base oitava das bases xerais e específicas desta convocatoria que establece:

“O sistema selectivo será o de concurso de valoración de méritos.

A forma de acreditación dos servizos será a seguinte:

No suposto dunha relación funcional, mediante o certificado de servizos prestados e a resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión.



No caso de que se trate dunha relación de carácter laboral deberá achegarse o certificado de servizos prestados, copia do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír o contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e prazas desempeñadas, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados”.

De acordo co exposto e unha vez revisada a documentación achegada o 30.12.2022 (nº de rexistro 2022299900003455), xunto coa petición para participar neste proceso selectivo, agás erro, non se presenta unha copia de dita resolución de nomeamento nin tampouco a acta de toma de posesión do posto de funcionaria interina no concello de Santiago.

Así, este tribunal acorda:

Desestimar a reclamación presentada dado que na solicitude presentada para participar neste proceso selectivo, con data do 30/12/2022, agás erro, non se presenta dita documentación, necesaria e precisa para a valoración de tales méritos.

3. ALEGACIÓN presentada por Mercedes Bolaño Pampín, o 18 de outubro de 2024 (rexistro de entrada nº 202499900003231), na que solicita que se revise e se teña en conta a experiencia laboral presentada no seu día e aporta documentación xunto coa alegación presentada.

En relación a esta reclamación debe terse en conta de novo o disposto na citada base oitava das bases xerais e específicas desta convocatoria.

De acordo co exposto e unha vez revisada a documentación achegada con data do 26.01.2023, así como a documentación complementaria presentada o 16.02.2023 (rexistro de entrada nº 202399900000355 e 202399900000610 respectivamente), xunto coa petición para participar neste proceso selectivo, agás erro, non consta a sinatura do certificado de servizos prestados e asemade non se presenta unha copia do contrato de traballo



Así, este tribunal acorda:

Desestimar a reclamación presentada dado que na solicitude presentada para participar neste proceso selectivo, con data do 26/01/2023 e 16/02/2023, agás erro, non se presenta dita documentación, necesaria e precisa para a valoración de tales méritos.

De acordo co exposto e desestimadas as reclamacións presentadas, segundo o previsto nas bases novena e décima das que rexen a convocatoria, e vistos o méritos presentados polos aspirantes, o tribunal **acorda**:

Primeiro: Establecer a baremación definitiva á vista das puntuacións obtidas no proceso selectivo e atendendo ao estipulado no apartado 2 da base novena na que se indican os criterios a seguir no suposto de empate. A baremación definitiva das persoas aspirantes establecece por orde descendente de puntuación segundo se reflicte na seguinte táboa:

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
1	LÓPEZ SOTO	EVA MARÍA	***5068**	70,00	30,00	100,00
2	MOSQUERA RODRÍGUEZ	MARÍA JOSÉ	***2946**	70,00	30,00	100,00
3	VÁZQUEZ PAIS	ANA MARÍA	***6850**	28,91	30,00	58,91
4	LAMAS LÓPEZ	LORENA	***4384**	0,00	30,00	30,00
5	RIVAS CORES	ALICIA MARÍA	***3166**	0,00	30,00	30,00
6	BOLAÑO PAMPIN	MERCEDES	***8669**	0,00	30,00	30,00
7	CRESTAR PENA	DUARTE	***6026**	0,00	30,00	30,00
8	ESOURIDO RAPA	MARÍA CRISTINA	***9526**	0,00	30,00	30,00

Segundo : De acordo co previsto na base décima, elevar á Alcaldía a referida relación de aspirantes para proceder a contratación como educadora familiar, persoal laboral fixa, a **D.ª Eva María López Soto**, con **DNI ***5068**** por ser a persoa aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.



Terceiro: De acordo co disposto na base décima, propoñer á Alcaldía a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada coas persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, ordenadas por orde descendente de puntuación:

Nº	DATOS			PUNTUACIÓN		
	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
1	MOSQUERA RODRÍGUEZ	MARÍA JOSÉ	***2946**	70,00	30,00	100,00
2	VÁZQUEZ PAIS	ANA MARÍA	***6850**	28,91	30,00	58,91
3	LAMAS LÓPEZ	LORENA	***4384**	0,00	30,00	30,00
4	RIVAS CORES	ALICIA MARÍA	***3166**	0,00	30,00	30,00
5	BOLAÑO PAMPIN	MERCEDES	***8669**	0,00	30,00	30,00
6	CRESTAR PENA	DUARTE	***6026**	0,00	30,00	30,00
7	ESCOURIDO RAPA	MARÍA CRISTINA	***9526**	0,00	30,00	30,00

Cuarto: Dar por rematado o proceso selectivo mediante a publicación da puntuación final total das persoas aspirantes do proceso selectivo, por orde de puntuación, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Sendo as 11:21 do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidenta	Vogal
Susana Calvo Baleato	Rocío Núñez Rúa
Secretario	Vogal
L. Javier Castro Martínez	Nieves González Mujico
Vogal	
Diego Rodríguez Porto	